

RESUMO DO ABORDADO NAS MESAS DE TRABALLO ONLINE



tecendo futuro

I ENCONTRO DA SOCIEDADE CIVIL GALEGA



Co financiamento de:



MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA
Y COOPERACIÓN



COORDINADORA
GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



SOMOS

As organizáns que participamos nas diferentes mesas fomos:

Unha economía ao servizo das persoas e o planeta

REAS Galicia, Aopaso, Plataforma veciñal mina Touro O Pino Non, Fundación Vicente Ferrer, AGARESO, Coop57 Galiza, AlasRaices S. Coop.Galega, Fundación Roberto Rivas, Eo Alimenta, AGCT, SomosTerra S. Coop., Mulleres Salgadas, Sindicato Labrego Galego, Amigas da Terra, Colectivo pola Renda Básica da Coruña, Rede para o Decrecemento, TFFS (Teachers for Future Spain), Manos Unidas, Entreculturas, Taller de Solidaridad, Solidariedade Internacional de Galicia, FEG (Federación Ecoloxista Galega), ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e Enxeñería sen Fronteiras.

Unha casa para todas

ARELAS, Provivienda, Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG), Movemento pola Paz, SOS Racismo Galicia, Fundación Vicente Ferrer, Agareso, AMINO Galicia, Coop57 Galiza, EAPN-Galicia, Enxeñería sen fronteiras (ESF), Fundación Secretariado Gitano, Azos Feministas, Familia Educa - Fundación Amigó, Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS), ONG AIRE, Mujeres negras que cambiaron el mundo, Médicos do mundo, Aventeira S. Coop. Galega, Colectivo pola Renda Básica da Coruña, Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia, Ecoloxistas en Acción, ALAS A Coruña, Movemento Pola Paz, Arquitectura sen Fronteiras, COGAMI, UNICEF Comité Galicia, Amnistía Internacional, Igaxes, Arraianas, Dereito a morir dignamente, Asemblea de Cooperación pola Paz.

Unha democracia vizosa

Agareso, Fundación Eomaia, Faísca Consultora, Xornalistas Galegas, Médicos do Mundo, O Salto Galiza, Señora Placerful, InteRed Galicia, Comité Intercentros CRTVG, CCOO, Amnistía Internacional, GPUL: Grupo de Programadores e Usuarios de Linux, Fundación Terrum, Entreculturas, Colexio de Xornalistas e Nova Escola Galega.

PREOCÚPANOS

Unha síntese dos temas más relevantes que nos preocupan e ocupan:

O actual modelo económico

Baseado no consumismo
Relacións de mercado inxustas
Insostible
Inxusto

A pobreza

Non se garanten os ingresos básicos, existen barreiras burocráticas

A desigualdade no acceso a recursos

Fenda territorial, de xénero, dixital, de idade...
Desigualdade entre a nosa xeración e as xeracións futuras

A discriminación do rural

Desvalorización
Prezos inxustos da produción de alimentos
Insuficiente dotación de servizos

O acceso á vivenda

Exclusión
Discriminación
Infravivenda
Desafiuamentos sen alternativa habitacional

A educación

Importancia para a formación de cidadanía crítica
Perda do humanismo frente ao produtivismo

A protección á infancia

Acoso escolar
Violencia dixital
Maternidades sen rede de apoio
Fracaso e abandono escolar
Pobreza infantil

O crecente individualismo

Crecente individualización
O mal uso da tecnoloxía trae sectarismo e desconfianza
Cómpre recuperar o comunitario

A desinformación

Bulos e dificultade de acceso a unha información veraz
Medios dependentes dos ámbitos político e económico
Faltan competencias para discernir se a información que se recibe é veraz

As políticas públicas

Cando son feitas á medida de intereses de parte
Cando non se dotan dos recursos necesarios

Os discursos do odio

Proliferan en diferentes campos: contra o feminismo, racistas, etc.
Medios convencionais fanse eco destes discursos

A saúde

Problemas de saúde mental da infancia e adolescencia
Dereito á afectividade de persoas con discapacidade

A igualdade de xénero

Violencias machistas e sexuais
Especial atención a mulleres migrantes, persoas maiores, con discapacidade, etc

Garantir dereitos e combater a discriminación

Institucional ou social
LGBTIQ+, por orixe étnica, por racismo ou por calquera outra causa
Estigma

A escasa participación

Criminalización das voces da sociedade civil
Lei Mordaza
Tecnoloxías invasivas e espionaxe
Descoñecemento da memoria democrática
Cústanos chegar á xente nova

QUEREMOS

Facemos moito, en moitos ámbitos. Recollemos aquí unha pequena mostra das accións e reivindicacións que nos parecen más relevantes e das que pensamos que podemos tirar más partido se as abordamos en común.

Comunicación e visibilización

- Contar curha canle de comunicación común, para facer visible e poñer en valor o que se está a facer ben.
- Exemplos de boas prácticas: poñelas en valor e socializalas, aprender delas e expandilas.
- Canalizar cara a sociedade o conxunto de realidades nas que traballamos, para ofrecer unha visión ampla.
- Unha canle común de denuncia ante os problemas que atopamos.
- Mellorar a nosa comunicación e conectar coa xente.

Traballar os dereitos con diferentes estratexias

- Sensibilización, formación e información en centros educativos, culturais, sociais, etc.
- Recuperación das relacións sociais e comunitarias, para previr futuras situacións non igualitarias ou discriminatorias: discriminación de colectivos vulnerables, desigualdade social, etc.
- Reivindicación pública conxunta dos dereitos, por parte de todas as organizacións. Visibilizar que todas estamos traballando cuns obxectivos comúns.
- Creación dun observatorio de dereitos humanos (por exemplo infancia) con canles de denuncia eficaces. Contar coa alianza da práctica xurídica para que esas denuncias se resolvant positivamente sen que a burocracia o impida. Aliarnos coas escolas de dereito para que nos axuden.
- Feira de organizacións, nas que mostrar en que traballa cada unha.

Educación

- A educación ten que desenvolverse con xustiza e benestar. Impacta na saúde emocional e nas posibilidades de avanzar e progresar. Ten que ter unha mirada inclusiva.
- Modelo de educación en dereitos e unha cidadanía crítica.
- Importancia da educación non formal e da educación de persoas adultas e non escolarizadas.
- Relexitimación da educación: volver poñer en valor que teñamos unha educación pública, coas implicacións en valores e cidadanía.
- Traballar de xeito máis conxunto e coordinado cos centros educativos.

Contra os discursos de odio

- Sinatura dun Pacto Social autonómico fronte aos discursos de odio.
- Prevención ante a polarización dos discursos.
- Atención á infancia trans.
- Desmentir bulos e traballar novas narrativas (vinculado con pensamentos positivos)
- Formarnos en narrativas contra os discursos de odio, para aprender a chegar á sociedade e crear a nosa propia axenda.
- Talleres para a poboación para saber como responder.

Contrarrestar a desinformación

- Cómpre favorecer os medios pequenos (comunitarios, autoxestionados, independentes) e os públicos.
- Reivindicar transparencia no financiamento público dos medios.
- Reivindicar o dereito a unha información veraz, no que a televisión pública debe ser a primeira garantía de veracidade.

Formación e concienciación

Aprendizaxe conxunta en activismo social, en economía, en memoria histórica democrática, en cidadanía activa e crítica e moitas outras.

Incidencia

- Incidencia política conxunta sobre políticas públicas.
- Incidencia política en temas concretos e distintos niveis (tamén UE), en liña dese modelo deseñado. Hai que ter un "lobby social" fronte aos das elites económicas.

Feminismo

- Ten que impregnar calquera das accións, con outros modelos de liderado alternativos ao patriarcado dominante.
- Ter moi en conta o sistema de coidados.
- Previr e atender as violencias machistas e sexuais en todos os ámbitos, sen deixar a ninguén atrás.
- Dotar de ferramentas de empoderamento: formación, emprego, saúde mental, recursos habitacionais, sobre todo para mulleres migrantes.

Coñecernos e traballar xuntas

- Congreso de todas as entidades, cunha temática en común.
- Guía de recursos de cada entidade, para coñecernos entre nós.
- Enfocarnos ao común, para complementarnos desde unha mirada colaborativa, que sexa máis potente e vaia vinculándonos no tempo

Garantir o dereito á liberdade de expresión, a participación da sociedade civil

- Derogar a Lei morzada
- Garantir espazos de participación para a sociedade civil e o dereito á protesta
- Propiciar mecanismos de participación social no nivel comunitario

Un modelo económico alternativo

Onde incluamos o decrecimiento, os coidados, as producións agroecolóxicas e locais, a valorización do rural, o consumo responsable, unhas lóxicas de mercado que busquen a xustiza social e a conservación e a restauración da natureza, con pequenos proxectos arraigados que intercooperen en rede.

O acceso a recursos materiais básicos e vivenda

Importancia dos dereitos sociais económicos, fundamentalmente teito e ingresos vitais. Os recursos materiais son relevantes.

Combater a pobreza con:

- Garantía de ingresos
- Recursos habitacionais, housing first e acompañamento
- Vivenda
- Redistribución da riqueza
- Política fiscal más xusta

Campaña común de incidencia política e social polo acceso á vivenda. Tamén é importante garantir a saúde, incluída a saúde mental.

15.06.2024

I ENCONTRO DA SOCIEDADE CIVIL GALEGA

tecendo futuro



Co financiamento de:

